



PLAN DE IGUALDADE

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ

Curso 2019/20

1. INTRODUCCIÓN



En canto as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que están a funcionar no IES Miguel Ángel González Estévez. Destacan:

- O nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- A activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- A concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- A difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- A definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- A concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- A promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- A realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).
- A participación en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballa a perspectiva de xénero.
- A impartición dalgunha materia de libre configuración específica de igualdade de xénero.



2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

No noso centro figuran obxectivos coeducativos no Plan de convivencia, no Plan de acción tutorial, nas normas de organización, funcionamento e convivencia, así coma no Proxecto educativo, que pódense resumir nestes dous principios que rixen o noso plan:

- Desenvolver no centro educativo os valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorio pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- Propiciar dinámicas para identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado, participando en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

- En canto á representación de profesorado nos distintos órganos de decisión, dicir que é fundamentalmente feminino.
- Con relación á escolarización nas distintas etapas educativas e nos distintos itinerarios formativos percíbense claras diferencias entre homes e mulleres (segundo a clasificación binaria):

Alumnado do centro:



ESO	TOTAL	MOZOS	MOZAS
1º ESO	59	36	23
2º ESO	63	31	32
3º ESO	61	26	35
4º ESO	47	25	22
TOTAL	230	118	112

Na ESO hai poucas diferenzas en relación ao xénero, xa que se trata dunha educación de carácter obrigatorio, que abarca a todo o alumnado por igual. Resaltar que baixa o número de alumnado masculino a partir de terceiro da ESO, xa que a maioría dos que se incorporan ao itinerario de formación básica son rapaces.

Hai que resaltar que se aprecian diferenzas entre rapazas e rapaces nas actitudes fronte ao estudo, xa que elas son máis constantes e seguen un método de estudo que lles facilita un mellor rendemento académico ca eles. Moitas familias relacionan esta cuestión cos roles que marcan os estereotipos de xénero.

1º DE BACH	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS	REPETIDORES/AS DE 1º BACH
1ºA	22	12	10	0



CIENCIAS				
1ºB	30	8	22	4
HUMANID. E CC.SOCIAIS				
1ºC	16	2	14	2
ARTES				
TOTAL	68	22	46	6

2º DE BACH	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS	REPETIDORES/AS DE 2º BACH
2ºA	42	22	20	1
CIENCIAS				
2ºB	24	9	15	3
HUMANID . ECC.SOC				
2ºC	31	3	28	2
ARTES				
TOTAL	97	34	63	6



Como se pode ver, a etapa postobrigatoria de Bacharelato é unha etapa onde prevalece o sector feminino, máis do dobre do alumnado matriculado na mesma está formado por rapazas.

O Bacharelato de Artes, en ámbolos dous cursos desta etapa, é fundamentalmente feminino. E, aínda que no Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades a diferenza é menor, segue destacando unha porcentaxe maior de rapazas, co que se perpetúa a preferencia de determinados estudos segundo o xénero.

Só na modalidade de Ciencias é -escasamente- superior o número de rapaces matriculados, en comparación coa cifra de rapazas. Polo tanto, o Bacharelato que dá acceso principalmente a estudos de matemáticas, física e enxeñería, seguen sendo preferidos polo sexo masculino.

CICLOS FORMATIVOS	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS
1º CFGS ACD. FÍSICO	29	24	5

- En canto ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ou nivel de vulnerabilidade, cabe dicir atendendo ao grao de inclusión no seu grupo de referencia, que é maioritariamente masculino.
- No noso centro escolar existe unha baixa conflictividade escolar, levándose a cabo un rexistro de condutas contrarias á convivencia.



- O uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas,...) compártense entre todas/os, independentemente do xénero dos membros da comunidade educativa.
- O persoal de cafetería e o equipo de limpeza está formado por mulleres.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

- Constituír un grupo de traballo para deseñar e desenvolver o plan de igualdade.
- Analizar o sexismo no centro educativo mediante a observación da linguaxe, traballos grupais, libros e materiais de aula, etc.
- Seleccionar o problema principal de desigualdade sobre a que se vai intervir.
- Recoñecer ou identificar os micromachismos na vida cotiá, para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos; incluso aqueles dos que non son moi conscientes.
- Identificar posibles actitudes violentas cara as mulleres, tanto alumas como profesoras, persoal subalterno feminino, etc. Sendo intolerantes ante calquer signo de comportamento machista.
- Recoller todas as actuacións relacionadas coa igualdade que se fan no centro, así como algunhas externas, e visibilizalas.
- Introducir nos materiais de aula contidos sobre mulleres ilustres e a súa achega en todas as materias.
- Usar unha linguaxe non sexista en todos os documentos escritos do centro: a Programación Xeral Anual, o Proxecto Educativo, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Convivencia, as programacións de aula, ...

5. Contidos coeducativos a traballar:



- Uso non sexista da linguaxe, tanto no escrito como no oral.
- Visibilización das mulleres ao longo da historia e actualmente, enfatizando as achegas de mulleres na ciencia, a tecnoloxía, o deporte, a literatura, a filosofía, etc.
- Loita contra os estereotipos de xénero a través da análise, tanto dos medios de comunicación, das Novas Tecnoloxías, dos recursos de ocio máis comúns entre o alumnado, así como do propio centro educativo e materiais de aula utilizados.
- Resolución pacífica de conflitos, con proxectos de convivencia coeducativa.
- O espazos no centro educativo, os patios de recreo, as actividades extraescolares e complementarias.
- Educación afectiva e sexual en igualdade, coñecemento e respecto cara á diversidade sexual, loita contra a diversifobia.
- Prevención da violencia machista, máis alá dos actos do 25 de novembro, traballando desde todas as áreas e materias para transmitir o bo trato fronte ao maltrato.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.



- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas (outros centros educativos da zona, CIM,...).
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI, etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres e as desigualdades de xénero; completando así a historia da humanidade.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.



- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun blogue de inclusión propio do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e o bo trato entre xéneros.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.



- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas, cooperativas e colaborativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- 1.- Que o alumnado amose actitudes de respecto e concienciación ante as actividades que se poñan, respecto aos contidos sobre igualdade.
- 2.- Que o alumnado mostre unha actitude correcta e acorde coas normas de convivencia durante as actividades contra a violencia de xénero.
- 3.- Que docentes e discentes participen na realización de carteis, debuxos, slogans, manifestos, etc.

Para levar a cabo a avaliación contamos cunha serie de instrumentos que nos axudan a tirar conclusións: observacións, cuestionarios, recollida de datos cuantitativos de participación, materiais finais, vídeos sobre actividades reivindicativas grupais, etc.

Ferramentas de avaliación posibles:

DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades).

Estuda os seguintes puntos...

- *Debilidades*: son os puntos débiles que presenta o noso proxecto.
- *Ameazas*: son os aspectos que nos poden influír negativamente, e poderían comprometer nos no futuro se non os solucionamos.



- *Fortalezas*: son os puntos fortes que temos na actualidade.
- *Oportunidades*: son os aspectos que nos poden influír positivamente e que hai que aproveitar no futuro.

O DAFO é unha matriz de 2x2, na que se analizan todos os datos e permite a toma de decisións para a mellora da organización ao ir clasificando as informacións nesas catro celas.

Considérase que as Debilidades e as Fortalezas son as nosas cualidades internas, mentres que as Ameazas e as Oportunidades son características ou situacións externas que dependen da nosa contorna.

O DAFO dános unha fotografía do noso centro, que será o primeiro paso para que a avaliación, realmente, sexa unha oportunidade de mellorar e de presentar conclusións que nos leven á acción. A avaliación non ten ningún sentido en si mesma se non vai acompañada da formulación de propostas de mellora que faga que a nosa organización aprenda dos seus puntos positivos e das súas actuacións negativas.

Como complemento ao DAFO, temos o instrumento de análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar); é complementario ao anterior porque a cada cela do DAFO correspóndelle unha acción do CAME. Como se pode observar, o DAFO son datos, polo tanto son substantivos, e o CAME son propostas de acción para mellorar.

MARCO LEXISTATIVO SOBRE A IGUALDADE NO ENSINO:

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo. Integran este corpus lexislativo as seguintes leis:

Ámbito estatal



- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título IV (artigos 23 e 24).

Ámbito autonómico

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).
- Plans de Actuación do CIM do concello de Vilagarcía de Arousa.



A continuación, sinálanse os artigos destas leis que recollen expresamente previsións relativas á promoción da igualdade e á prevención da violencia de xénero no ensino non universitario.

Artigos

[Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#)

Artigo 1. Principios



O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

k) A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Artigo 2. Fins

1. O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica deles.

Artigo 13. Obxectivos da educación infantil

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

b) Desenvolver as súas capacidades afectivas.

c) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Artigo 17. Obxectivos da educación primaria

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.



d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Artigo 23. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

Artigo 33. Obxectivos do bacharelato

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas

con discapacidade.

Artigo 40. Obxectivos da formación profesional

a) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Fomentar a



igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio delas.

Artigo 66. Obxectivos da formación de persoas adultas

g) Previr e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles.

Artigo 102. Formación permanente

1. A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

2. Os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo sete da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 126. Composición do Consello Escolar

2. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Artigo 127. Competencias do Consello Escolar

g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Disposición adicional vixésimo quinta. Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.



Co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas serán obxecto de atención preferente e prioritaria na aplicación das previsións recollidas na presente lei, sen prexuízo do disposto nos convenios internacionais subscritos por España.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Artigo 14. Criterios xerais de actuación dos poderes públicos

Para os fins desta lei, serán criterios xerais de actuación dos poderes públicos:

11. A implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas.

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación

1. As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato,

evitando que, por comportamentos sexistas o polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:



- a) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- b) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- c) A integración do estudo e a aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- d) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- e) A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- f) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia.

Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Artigo 4. Principios e valores do sistema educativo

1. O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica destes.

2. A educación infantil contribuirá a desenvolver na infancia a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos.



3. A educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos.

4. A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para coñecer, valorar e respectar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

5. O bacharelato e a formación profesional contribuirán a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar a súa madurez persoal, social e moral, que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e para analizar e valorar criticamente as desigualdades de sexo e fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

6. A ensinanza para as persoas adultas incluírá entre os seus obxectivos desenvolver actividades na resolución pacífica de conflitos e fomentar o respecto á dignidade das persoas e á igualdade entre homes e mulleres.

7. As universidades incluírán e fomentarán en todos os ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en igualdade de xénero e non discriminación de forma transversal.

Artigo 6. Fomento da igualdade

Coa finalidade de garantir a efectiva igualdade entre homes e mulleres, as administracións educativas velarán para que en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e para que fomenten o igual valor de homes e mulleres.

Artigo 7. Formación inicial e permanente do profesorado

As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para que nos plans de formación inicial e permanente do profesorado se inclúa unha formación específica en materia de igualdade, co fin de asegurar que adquiren os coñecementos e as técnicas necesarias que as habiliten para:



- a) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- b) A educación na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles, en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- c) A detección precoz da violencia no ámbito familiar, especialmente sobre a muller e os fillos e fillas.
- d) O fomento de actitudes encamiñadas ao exercicio de iguais dereitos e obrigas por parte de mulleres e homes, tanto no ámbito público coma privado, e a corresponsabilidade entre ambos no ámbito doméstico.

Artigo 8. Participación nos consellos escolares

Adoptaranse as medidas precisas para asegurar que os consellos escolares impulsen a adopción de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Co mesmo fin, no Consello Escolar do Estado asegurárase a representación do Instituto da Muller e das organizacións que defendan os intereses das mulleres con implantación en todo o territorio nacional.

Artigo 9. Actuación da Inspección Educativa

Os servizos de Inspección Educativa velarán polo cumprimento e aplicación dos principios e valores recollidos neste capítulo no sistema educativo destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Artigo 9. O currículo regulador do sistema educativo

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionarlles tanto ás mulleres como aos homes unha educación para a igualdade. Para estes



efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarse ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención sen que en ningún caso se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente e co adecuado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

c) A adquisición en alumnos e alumnas dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan, cando alcancen a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais de atención de familiares que por dependencia necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas en que se encontren infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas en que se encontren infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

e) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 10. Erradicación de prexuízos nos centros docentes

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou



indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, sobre todo entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Artigo 16. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de Igualdade, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

A Xunta de Galicia asegurará a escolarización inmediata das nenas e dos nenos que se vexan afectados por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, facilitará que os centros educativos lle presten unha atención especial ao devandito alumnado.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais



1. O departamento competente en materia de Igualdade e o departamento competente en materia de Educación velarán para que, no ámbito das súas competencias, non se utilicen materiais educativos e libros de texto que inclúan contidos que vulneren o principio de igualdade.

Co mesmo fin, revisaranse e adaptaranse as materias do ámbito educativo non regulado.

2. O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Igualdade e o departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación desenvolverán e difundirán proxectos e materiais didácticos actualizados, dirixidos a todos os niveis educativos, que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de xeito que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación, co obxecto de garantir a igualdade real entre mulleres e homes, velará para que se garanta a perspectiva de xénero nos contidos, procedementos, actitudes e valores que conforman o currículo en todos os niveis educativos.

En todo caso, os currículos dos distintos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptaranse ao disposto no artigo 9 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Promoverase a inclusión de contidos relacionados coa educación para a paz e a non violencia e o fomento do principio de igualdade nos programas de educación para persoas adultas.

Artigo 20. Plans de acción tutorial

Os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos incluírán epígrafes específicas destinadas a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas.



Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro

Os proxectos educativos de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, nas actitudes e nos procedementos.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia

1. A Administración educativa galega, no ámbito das súas competencias, adoptará as medidas necesarias para garantir que os consellos escolares dos centros impulsen medidas educativas que promovan a igualdade real entre mulleres e homes, a coeducación e a prevención da violencia de xénero no centro educativo.

2. Garantírase a representación e participación no Consello Escolar de Galicia do órgano da Administración autonómica que exerza a competencia en materia de Igualdade.

3. O Consello Escolar de Galicia, en colaboración co departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Igualdade, elaborará un informe anual sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galicia.

Artigo 23. Inspección Educativa

Os servizos de Inspección Educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación velarán polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos neste capítulo no sistema educativo, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

Plan aprobado en claustro do 28 de novembro de 2019